

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinabetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog://qdr29.blogspot.com/); info@marinabetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 20 DE XULLO DE 2011.

En Bergondo, a 20 de xullo de 2011, na biblioteca do Centro Sociocultural de A Senra (Bergondo) sendo as 19.15 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- D. Uxio Rey Fernández en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- Dna. Carmen Borobio Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. José Ramón Amado, Concelleiro de Obras e servizos do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*, acompañado pola Concelleira de Asuntos económicos, Dna. María José Riveiro.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.

- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

SE INCORPORAN Á REUNIÓN ÁS 19.45 HORAS AS SEGUINTE PERSOAS:

- D. José Luís Fernández Mouriño, Alcalde do Concello de Carral en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Val de Aranga).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).

Excusa a súa asistencia a representante da Mesa de Asociacións Empresariais multisectoriais, Dna. Aida Pérez Barredo (Federación de Asociaciones Empresariales de A Coruña), delegando o seu voto na Presidencia.

A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

1. ELECCIÓN CARGOS ENTRE OS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA PARA SER RATIFICADOS POLA ASEMBLEA XERAL DE SOCIOS.

(PRESIDENCIA, VICEPRESIDENCIA, SECRETARIA, TESOURERIA)

O Alcalde de Abegondo, representante da Mesa das administracións locais manifesta que desexa facer unha proposta de Xunta Directiva, de conformidade co artigo 15 dos Estatutos. A súa proposta sería a seguinte:

Presidencia: Alcalde do Concello de Abegondo

Vicepresidencia: Alcalde do Concello de Paderne

Secretaria: Dna. Concepción Lema Torre, da Asociación de Artesáns das Mariñas.

Tesoureira: Dna. Aida Pérez Barredo, da Federación de Asociaciones Empresariales de As Mariñas.

Non habendo máis propostas, apróbanse estes cargos por unanimidade por todos os membros da Xunta Directiva.

A composición da Xunta Directiva, que sería da seguinte maneira:

Presidente: D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde de Abegondo (Mesa do sector das Administracións Públicas) Público

Vicepresidente: D. Cesar Lonjo Queijo, Alcalde de Paderne (Mesa do sector das Administracións Públicas) Público

Secretaria: Dna. Concepción Lema Torre. Asociación de Artesáns As Mariñas (Mesa do sector da artesanía) Privado

Tesoureira: Dna. Aida Pérez Barredo. Federación de Asociaciones Empresariales de As Mariñas (Mesa do Sector de Asociacións de empresarios multisectoriais) Privado.

Vocais públicos:

Mesa do sector Institucional:

- D. Carlos Vales Vázquez, en representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)
- D. Xoan Manuel Alvarez Llana, en representación da Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia (ACIVEGA).

Mesa do sector das Administracións Públicas:

- D. José Ramón Amado De La Fuente, Concelleiro de Área de Obras do Concello de Arteixo
- D. José Luís Fernandez Mouriño, Alcalde do Concello de Carral
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica do Concello de Culleredo
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada.

Mesa do sector da pesca, marisqueo, acuicultura:

- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da Confraría de Pescadores de Miño

Vocais privados:

Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo:

- D. Antón Sánchez García, en representación do Sindicato Labrego Galego
- D. José Calo Faraldo, en representación da Cooperativa Agraria Provincial da Coruña S.C.G.
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e comarca.

Mesa do sector forestal e da madeira:

D. Benito García Sánchez, en representación da Asociación Provincial de la Industria de 1ª transformación de la madera de A Coruña

Mesa do sector de Asociacións e colectivos de mulleres:

- Dna. Cruz Fernández González, en representación da Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller

Mesa do sector Asociacións xuvenís e colectivos xuvenís:

- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da Asociación Xuventude e Natureza.

Mesa do sector Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais, Anpas:

- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación de Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da Asociación O Rabo do Galo.
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da Asociación Cultural “Cultura Aberta”

Mesa do sector Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza:

- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxín Roxal

Mesa do sector do turismo e da hostalería:

- D. José Soto Martínez, en representación da Asociación do Turismo Sostible de A Coruña.

Mesa do sector dos colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s:

- D. Eulogio López Río, en representación da Asociación de padres de personas con parálisis cerebral (ASPACE)
- Dna. M^a Teresa Tiemblo Marsal, en representación da Asociación de pais con tea da provincia da Coruña (ASPANAES).

A Xunta Directiva acorda que esta nova composición de Xunta Directiva, sexa levada a Asemblea Xeral que se celebra posteriormente para ser ratificada.

2.-ROGOS E PREGUNTAS

A continuación o Xerente do Programa LEADER, toma a palabra para expoñer os proxectos que se relacionan a continuación aprobados por AGADER.

2.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER:

2.1.4. AMPLIACIÓN EMPRESA PROTÉSICO-DENTAL EN CARRAL (EXPTE. L10-41300-29-0082)

Con data 27 de decembro de 2010, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para a ampliación dunha empresa protésico-dental en Carral.

O promotor do proxecto é unha persoa física menor de 40 anos, que creou o seu propio emprego adicándose a elaboración de prótesis dentais coas ferramentas mínimas necesarias. Esta pequena empresa leva 5 anos en funcionamento e na actualidade xa conta con dous empregados (o emprego do promotor e unha persoa por conta allea).

Nesta fase de consolidación da empresa e incremento da demanda, o promotor ve na necesidade de ofrecer un produto de maior calidade e para o que se necesita contar con ferramentas máis sofisticadas. Estas ferramentas contribuirán a un mellor axuste das prótesis e precisión dos traballos. O proxecto consiste na adquisición dun compresor, unha xelatinadora e un mini-laser.

Esta ampliación contribuirá ó crecemento da empresa e a ofrecer un produto de maior calidade dende o rural.

A innovación deste proxecto consiste na creación dun produto de maior calidade que o actual para competir no mercado (maior axuste das prótesis dentais e maior precisión dos traballos).

Este proxecto contribúe á consolidación do emprego do propio promotor e do persoal xa existente na empresa no ano 2009. Con este proxecto non se adquire o compromiso de creación de emprego.

Con data 02 de marzo de 2011 remítese o Informe de Control de Elixibilidade a Agader.

Con data 17 de xuño de 2011, Agader solicita requirimento de documentación.

Con data 24 de xuño de 2011 enviouse a documentación requirida.

Con data 19 de xullo de 2011, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos ascenden a 23.741,60.- € (20.120.- € sen IVE)

Este proxecto acadou un total de 34 puntos, correspondéndolle un 27 % de axuda, resultando un importe de 5.432,40.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 20.120.-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.2.- APROBACIÓN EXPEDIENTES SEN VERIFICACIÓN ICE DE AGADER POR TRANSCORRER O PRAZO DE 2 MESES OU POR PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA.

2.2.1.-MELLORAS EN FÁBRICA DE PENSOS COMPOSTOS PARA ANIMAIS (EXPTE L11-41100-29-98)

Con data 30 de marzo de 2011, ten entrada no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “MELLORAS EN FÁBRICA DE PENSOS COMPOSTOS PARA ANIMAIS (L11-41100-29-98)

O promotor do proxecto é a cooperativa agraria “EL PLANTEL COMARCAL DE BETANZOS S.C.GALEGA” situada en Paderne e adicada á fabricación de pensos.

O proxecto consiste na instalación dunha nova liña de pesaxe, ensacado e paletizado semiautomática, na montaxe de novos silos de materias primas, na colocación dun elevador de piqueta e na instalación de novas tolvas de carga de graneis de maior capacidade e mellor rendemento. Preténdese ampliar e modernizar esta fábrica de pensos compostos para animais co obxectivo último de incrementar o rendemento do proceso produtivo.

Detalle dos investimentos solicitado: unha báscula, transportadores sinfín e montaxe, silo de melaza, torre de materias primas, torre de catro celdas e elevador.

Este proxecto vai mellorar a calidade do penso, reducir os custos de fabricación e polo tanto mellorar o precio de venda que repercutirá positivamente no agricultor, pois se conseguirá incrementar o rendemento da produción. Por outra banda tamén vai permitir controlar mellor e máis doadamente a trazabilidade dos produtos.

O promotor non adquire compromiso de creación de emprego pero si o de mantemento de emprego.

Con data 02 de maio de 2011 solicitouse o Informe de Control de Elixibilidade a Agader.

Con data 08 de xullo de 2011 Agader require documentación.

Con data 14 de xullo de 2011 remítese a documentación requirida, estando á espera de recibir o Informe de Control de Elixibilidade favorable.

Os investimentos ascenden a 145.553,00 € (123.350,00.- € sen IVE)

Este proxecto acadou un total de 45 puntos, correspondéndolle un 32,5% de axuda, resultando un importe de 40.088,75.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 123.350.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.2.2. INVESTIMENTOS NO SECTOR AGRARIO COA POSTA EN MARCHA DAS NOVAS PRODUCCIÓNS (EXPTE. L11-41100-29-0096)

Con data 30 de marzo de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de posta en marcha de novas producións en Abegondo promovido pola sociedade civil “Frutas Geixade S.C.” ubicada no mesmo Concello de Abegondo.

Antes de formar a sociedade civil, os socios adicábanse como autónomos á plantación de amorodos. A boa marcha do negocio os leva a crear unha sociedade para unir esforzos e ampliar o negocio.

O proxecto consiste na plantación de kiwis de alta densidade da nova variedade “Soreli”, variedade non existente en Galicia, con carne de cor amarela. Comprende tamén a implantación de invernadoiros para producir novas variedades de amorodos de duración tres anos en produción (variedades Portolas e San Andrea), de elevada precocidade e dulzor.

Os investimos serán: **Respecto do kiwi:** Adquisición e plantación, arame, postes, peche de finca e instalación de rego; **Respecto da fresa:** Adquisición e plantación, actuacións de preparación da finca, invernadoiro e instalación de rego.

A innovación deste proxecto consiste na introdución de novas producións e variedades non existentes en Galicia de kiwi y amorodo, acompañadas dun novo sistema de condución no caso do kiwi.

O entidade promotora adquire o compromiso de crear o equivalente a 1,25 empregos, colectivo desfavorecido.

Con data 02 de maio de 2011 solicítase o Informe de Control de Elixibilidade a Agader. Con data 12 de xullo de 2011 recíbese de Agader requirimento de documentación.

Con data 14 de xullo de 2011 remítese a agader a documentación solicitada, estando á espera de recibir o Informe de Control de Elixibilidade favorable.

Os investimentos ascenden a 101.341,08.- € (89.230,58.-€ sen IVE)

Este proxecto acadou un total de 71,25 puntos, correspondéndolle un 45% de axuda, resultando un importe de 40.153,76€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 89.230,58.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.2.3.- AMPLIACIÓN SERRADOIRO DE MADEIRAS EN CARRAL (EXPTE. L11-41100-29-108)

Con data 10 de maio de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para a ampliación dun serradoiro de madeiras en Carral.

A entidade promotora do proxecto é unha sociedade limitada ubicada en Carral adicada a actividade de serradoiro de madeira dende 1995.

A boa marcha da empresa, leva a entidade a considerar unha ampliación da mesma para poder seguir competindo no mercado actual.

O proxecto consiste na ampliación do serradoiro coa creación dunha nova nave nos terreos contiguos á nave actual, coa finalidade de mellorar a loxística ampliando a zona de secado da madeira e acopio.

Os investimentos do proxecto consisten na obra civil da nave.

A innovación deste proxecto consiste na ampliación dun serradoiro mellorando a loxística e organización interna, ampliando a zona de almacenamento da madeira.

Na actualidade a sociedade conta con oito empregados, incluíndo o emprego do promotor autónomo.

A entidade promotora adquire o compromiso de crear o equivalente a dous empregos a xornada completa durante 5 anos, pertencentes a colectivo desfavorecido.

Con data 23 de maio de 2011 solícitase o Informe de Control de Elixibilidade a Agader.

Con data 12 de xullo de 2011 recíbese de Agader requirimento de documentación.

Con data 14 de xullo de 2011 remítese a agader a documentación solicitada, estando á espera de recibir o Informe de Control de Elixibilidade favorable.

Con data 20 de xullo de 2011 Agader solicita documentación complementaria e que no se teña en conta o Plan de Igualdade, na baremación, polo que se procede a rebaixar a porcentaxe de axuda.

Os investimentos ascenden a 877.040,58 € (630.889,82 € sen IVE)

Este proxecto acadou un total de 56 puntos, correspondéndolle un 38 % de axuda, resultando un importe de 239.738,13.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 630.889,82.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

En Bergondo, a 20 de xullo de 2011

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes